

CONVOCATORIA ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA 2014

A Presidenta de UGACOTA, previo acordo do Consello Reitor procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria da Unión de Cooperativas de Traballo Asociado-UGACOTA, o sábado **7 de xuño de 2014**, en **Agosto. Concello de Teo**, na **cooperativa Luscofusco**. Sendo a primeira convocatoria ás 10:30 h. e a segunda ás **11:00 h.**

Orde do Día:

1. Informe de xestión do exercicio 2013.

Preséntanse as actividades realizadas ao longo do ano 2013 e resólvense as dúbidas que poida haber respecto delas.

2. Informe de ingresos e gastos do exercicio 2013.

Preséntanse as contas do ano 2013, que deron un resultado positivo, a incorporar ao remanente da entidade.

3. Lectura do Informe do Interventor de contas de Ugacota.

Trátase de ler o informe emitido e coñecer en que medida todo está correcto.

4. Aprobación, se procede, das contas anuais e da distribución de resultados.

En base aos puntos anteriores, someterase a votación a aprobación das contas e do destino do resultado existente.

5. Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de xestión, para o exercicio 2014: actuacións e orzamento.

Neste punto trátase de acadar un acordo respecto das actividades e funcións que pensamos que debe abordar Ugacota ao longo de 2014.

6. Elección de Interventor/a de contas

Elixiremos á persoa que asuma este cargo, en substitución do anterior Interventor que comunicou a súa baixa.

7. Revisión da cota asociativa, para 2014.

Abordarase o importe da cota asociativa e unha proposta de variabilidade, en base aos votos que cada cooperativa ten na asemblea.

8. Proceso de integración de asociacións de cooperativas.

O Consello Reitor informará da proposta de integración das asociacións: Sinerxia, Ucetag, Ugacomar e Ugacota, co fin de fortalecer a representatividade.

9. Rogos e preguntas.

Santiago de Compostela, a 20 de maio de 2014.



ugacota
unión de cooperativas
de traballo asociado
Rúa do Hórreo, 104 baixo esquerda
Teléfono 981 576 578
15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Asdo. Purificación Alfonso Riveiro.
Presidenta de Ugacota.

INFORMACIÓN DE INTERESE PARA O DESENVOLVEMENTO DA ASEMBLEA

Os estatutos Sociais de Ugacota, establecen que:

Art. 22.2.- **Representarán ás cooperativas** da Unión, na Asemblea Xeral, **a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou as persoas libremente designadas ó efecto por cada cooperativa.**

A Asemblea Xeral quedará validamente **constituída en primeira convocatoria**, cando estean presentes ou representados **máis da metade dos votos sociais** e, **en segunda** convocatoria cando estean presentes ou representados **o 10% dos votos** ou 100 votos sociais; abonda acadar dito quórum ó comezo da sesión.

As **contas anuais** correspondentes ao exercicio de 2013 atópanse **a disposición de calquera cooperativa socia no domicilio social da Unión para a súa consulta.** Se calquera cooperativa socia de Ugacota desexa que na Asemblea Xeral se lle aclare calquera cuestión en relación ás contas, poderá dirixir nun escrito ao Consello Reitor sobre estas cuestións cun prazo mínimo de antelación de 5 días á realización da Asemblea de acordo co artigo 23.2 d) da Lei de Cooperativas de Galicia.

INDICACIÓNS PARA CHEGAR AO LUGAR DE CELEBRACIÓN

O Consello Reitor acordou celebrar a asemblea na cooperativa Luscofusco, en Agoso-Oza no Concello de Teo. Para que non a coñeza nin saiba como chegar, enviamos as seguintes instrucións:

A cooperativa atópase na **antiga Escola unitaria de Agoso-Oza** a 10 km de Santiago de Compostela. Coordenadas GPS 42.790700, -8.530809

Para chegar a Agoso hai que situarse na **autovía AG 59 (Santiago - A Estrada).**

Acédese a ela desde a autoestrada Santiago-Ourense (AP 53) deixándoa na **saída 4 (Oza/Os Verxeles)** ou desde a rotonda de Sta. Lucía, na estrada Santiago-Ourense (N-525) incorporándonos á AG-59 dirección A Estrada e saíndo, igualmente, na saída de Oza.

Para quen veña pola autoestrada do Atlántico (AP-9) na saída Este (km 72) de Santiago de Compostela, ten o acceso a autoestrada Santiago-Ourense (AP 53).

Os que cheguen a Santiago por calquera outra estrada teñen que acceder á autoestrada de Ourense (AP 53) polo barrio de Pontepedriña e O Castiñeiriño (zona El Corte inglés).

Para todos/as, ao saír da autovía entramos nunha **rotonda**, nela temos que coller a saída que indica **Agoso**, despois de pasar o cemiterio atoparemos un indicador, á man esquerda, de **campo de fútbol**. Imos cara o campo de fútbol e xa atopamos a cooperativa Luscofusco, S. Coop.

Ao pasar a cooperativa temos a man dereita o campo da festa, xunto a un cruceiro, no que se pode aparcар.

